

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
REXISTRO XERAL

06 NOV. 2013

SAIDA N.º 10926

Achégolle Resolución reitoral para convocar os premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado arquitecto, enxeñeiro e graduado do curso 2012-2013, para o seu correspondente trámite e difusión.

Así mesmo, xúntase Regulamento de premios extraordinarios aprobado pola Xunta de Goberno do 26 de setembro de 1994, e a relación co número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación, para o seu coñecemento.

A Coruña, 5 de novembro de 2013


O reitor

PD (RR. 16-01-2012)

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

Julio Abalde Alonso

Sra. Vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura
Sr. Secretario Xeral
Srs/as. Decanos/as Directores/as de centros



RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DIPLOMADO, ARQUITECTO TÉCNICO, ENXEÑEIRO TÉCNICO, LICENCIADO, ARQUITECTO, ENXEÑEIRO E GRADUADO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2012-2013.

A Xunta de Goberno da Universidade da Coruña, na sesión celebrada o día 26 de setembro de 1994, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro.

O Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD. 861/2010, do 2 de xullo, establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais adaptándoas ao EEES.

O Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e as Universidades do SUG publicado por Resolución do 15 /09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a valoración dos expedientes académicos.


De acordo co exposto e, sen prexuízo da tramitación dos axustes académicos necesarios para a adaptación desta convocatoria á normativa citada, perante o Consello de Goberno,

RESOLVO:

Convocar os PREMIOS EXTRAORDINARIOS de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e graduado correspondentes ao curso académico 2012-2013, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade de acordo co que se refire de seguido:

1º) Destinatarios:

Poderán optar aos premios extraordinarios aqueles alumnos que remataron os estudos da súa titulación na Universidade da Coruña, nas convocatorias ordinarias e extraordinarias do curso académico 2012-2013.



2º) Requisitos:

Será necesario ter obtido unha nota media de sobresaliente no expediente académico; de forma excepcional poderase optar ao premio extraordinario cunha nota media de notable, cando non houber ningún alumno con nota media de sobresaliente entre os que rematasen os seus estudos no curso académico 2012-2013.

3º) Premios por titulación:

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación consta no anexo I desta Resolución, unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no punto 2 do Regulamento de premios extraordinarios citado.

4º) Procedemento:

Os interesados entregarán as súas solicitudes no rexistro do centro desta universidade en que rematasen os seus estudos, mediante instancia dirixida ao Reitor, empregando o modelo que consta no anexo II á presente resolución. Non será preciso presentar a certificación de estudos.

5º) Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes é do **8 ao 15 de novembro de 2013**, ambos inclusive.

6º) Valoración das solicitudes (nota media):

As solicitudes valoraranse polo tribunal que se constituirá en cada centro de acordo co establecido no regulamento, que aplicará o sistema de cálculo de nota media do expediente académico establecido polo "Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos", asinado con data do 27 de xuño de 2011 e publicado por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no DOG núm. 188, do 30 de setembro de 2011.

7º) Publicación:

Unha vez que se efectúen as valoracións, faranse públicos os resultados nos taboleiros de anuncios dos centros. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días naturais, contados desde a exposición pública dos resultados, para presentar as reclamacións que consideren oportunas e que resolverá cada tribunal.



8º) Concesión:

Unha vez resoltas as reclamacións os presidentes dos tribunais tramitarán os expedientes ás Xuntas de Centro. Estas elaborarán as correspondentes propostas de concesión, que serán remitidas polos Decanos ou Directores ao Reitor para a súa tramitación ao Consello de Goberno da Universidade, tendo como data tope para a remisión destas propostas o **día 17 de decembro de 2012**.

9º) Orzamento:

Para a concesión destes premios destinarase ata un máximo de 55.000 Euros cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco de Santander, dentro do convenio xeral entre ambas entidades financeiras. O pagamento farase con cargo á partida orzamentaria nº 0400040002422D48003

O Consello de Goberno, tras o estudo das propostas e deliberación correspondentes, resolverá a concesión dos Premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e grao correspondentes ao curso académico 2012/2013.

A resolución do Consello de Goberno esgota a vía administrativa e contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de reposición potestativo perante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación ou, de forma alternativa, un recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezarán a contar desde a súa publicación.

A Coruña, 5 de novembro de 2013

O Reitor

Asdo.: Xosé Luis Armesto Barbeito

Número de Titulados desde o 1/12/2012 ó 31/10/2013

Código	Estudo	Alumnos	Nº máximo premios extraordinarios
610212V01	Licenciatura en Bioloxía	65	1
610311V01	Licenciatura en Química	22	1
610G01V01	Grao en Química	5	1
610G02V01	Grao en Bioloxía	10	1
611111V01	Licenciatura en Economía	48	1
611211V01	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	175	3
611G01V01	Grao en Economía	19	1
611G02V01	Grao en Administración e Dirección de Empresas	29	1
612001V01	Licenciatura en Dereito	226	4
612G01V01	Grao en Dereito	54	1
613211V01	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	8	1
613311V01	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	5	1
613411V01	Licenciatura en Filoloxía Galega	4	1
613G01V01	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	6	1
613G02V01	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	4	1
613G03V01	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	13	1
614111V01	Enxeñeiro en Informática	66	1
614211V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	49	1
614311V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas	47	1
614G01V51	Grao en Informática	11	1
615011V01	Licenciatura en Socioloxía	11	1
615G01V01	Grao en Sociología	17	1
616011V01	Licenciatura en Comunicación Audiovisual	21	1
616G01V01	Grao en Comunicación Audiovisual	11	1
620112V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	17	1
620G01V01	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	74	1
630011V01	Arquitecto	196	3
631111V01	Diplomatura en Máquinas Navais	21	1
631211V01	Diplomatura en Navegación Marítima	17	1
631311V01	Licenciatura en Máquinas Navais	11	1
631411V01	Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	22	1
631G02V01	Grao en Enxeñaría Mariña	49	1
632011V01	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	92	2
632111V01	Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas - Esp en Construcións Cívís	40	1
632G01V51	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	6	1
650011V01	Diplomatura en Ciencias Empresariais	69	1
650G01V01	Grao en Ciencias Empresariais	13	1
651012V01	Diplomatura en Fisioterapia	8	1
651G01V01	Grao en Fisioterapia	48	1
652111V01	Mestre, Especialidade en Educación Infantil	14	1
652211V01	Mestre, Especialidade en Educación Primaria	9	1
652311V01	Mestre, Especialidade en Educación Física	14	1
652411V01	Mestre, Especialidade en Audición e Linguaxe	14	1
652711V01	Licenciatura en Psicopedagogía	59	1
652811V01	Diplomatura en Educación Social	29	1

Número de Titulados desde o 1/12/2012 ó 31/10/2013

Código	Estudo	Alumnos	Nº máximo premios extraordinarios
652911V01	Diplomatura en Logopedia	11	1
652G01V01	Grao en Educación Infantil	76	2
652G02V01	Grao en Educación Primaria	47	1
652G03V01	Grao en Educación Social	22	1
652G04V01	Grao en Logopedia	27	1
653011V01	Diplomatura en Terapia Ocupacional	2	1
653G01V01	Grao en Terapia Ocupacional	43	1
660112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	16	1
660G01V01	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	127	2
661011V01	Diplomatura en Enfermaría	1	1
661G01V01	Grao en Enfermaría	61	1
662111V01	Diplomatura en Turismo	16	1
662G01V01	Grao en Turismo	23	1
670001V01	Arquitecto Técnico en Execución de Obras	118	2
670G01V01	Grao en Arquitectura Técnica	84	2
710112V01	Licenciatura en Humanidades	4	1
710212V01	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	4	1
710311V01	Licenciatura en Documentación	8	1
710G01V01	Grao en Humanidades	5	1
710G02V01	Grao en Información e Documentación	1	1
730112V01	Enxeñeiro Naval e Oceánico	24	1
730211V01	Enxeñeiro Industrial	32	1
750111V01	Diplomatura en Enfermaría	6	1
750211V01	Diplomatura en Podoloxía	2	1
750G01V01	Grao en Enfermaría	62	1
750G02V01	Grao en Podoloxía	27	1
760112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	4	1
760G01V01	Grado en Relaciones Laborales y Recursos Humanos	23	1
770311V01	Enxeñeiro Técnico Naval - Especialidade en Estructuras Mariñas	14	1
770411V01	Enxeñeiro Técnico Naval - Esp Propulsión e Servizo do Buque	15	1
770511V01	Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade en Electricidade	35	1
770611V01	Enxeñeiro Técnico Industrial - Esp Electrónica Industrial	46	1
770G01V01	Grado en Ingeniería Electrónica Industrial y Automática	15	1
770G02V01	Grado en Ingeniería Eléctrica	24	1
771011V01	Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial	28	1
771G01V01	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto	56	1

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE

Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro e Graduado.

CONVOCATORIA CURSO 2012-2013

ALUMNO/A: _____

D.NI. _____

CENTRO: _____

TITULACIÓN: _____

DATA REMATE DE ESTUDOS: _____

(No caso de titulación con P.F.C. a data enténdese á aprobación do proxecto)

SOLICITA: _____

Optar ao Premio Extraordinario de:

Coruña / Ferrol, ____ de _____ 20____

O/A interesado/a

REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS
de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto e Enxeñeiro.

1. Os premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro serán concedidos pola Xunta de Goberno por proposta da Xunta de Centro correspondente.
2. Os premios extraordinarios concederanse por titulacións, entre os alumnos que remataron os seus estudos nas convocatorias de xuño e setembro do correspondente curso académico. O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación e curso académico será dun por cada setenta e cinco alumnos ou fracción que rematase os seus estudos no devandito curso académico.
3. A valoración de estudantes para a proposta de premios extraordinarios será realizada por un tribunal para cada titulación. Este tribunal estará formado por tres profesores numerarios e será aprobado pola Xunta de Centro por proposta do decano ou director e tras a consulta aos directores dos departamentos. A Xunta de Centro determinará así mesmo cal dos membros actuará de presidente.
4. A convocatoria destes premios extraordinarios será realizada anualmente polo reitor ao longo do primeiro trimestre do curso académico seguinte ao que correspondan os premios a conceder. Na dita convocatoria estableceranse os prazos e documentos a presentar polos interesados.
5. Para poder optar a premio extraordinario será necesario ter obtida unha nota media de sobresaliente no expediente académico. De forma excepcional poderase optar ao premio extraordinario cunha nota media de notable cando non houber ningún alumno con nota media de sobresaliente entre os que obteñen o título nese curso académico.
6. O procedemento para o cálculo da nota media a que se refire o punto anterior deberá ter en conta a seguinte táboa de equivalencias, a efectos de homoxeneizar titulados de distintos planos de estudo: Aprobado - 1; Notable - 2; Sobresaliente - 3; Matrícula de honra - 4, así como o número de créditos de cada materia. Non se contabilizarán as materias de libre elección para o cálculo da nota media.
7. A concesión de premio extraordinario figurará no expediente do alumno e farase constar fidedignamente.
8. Disposición transitoria.- A primeira convocatoria de premios extraordinarios desta universidade realizarase no curso 1994/95 e será de aplicación aos titulados dos cursos 1990/91, 1991/92, 1992/93 e 1993/94 con carácter independente a cada un destes cursos.

Queda sen efecto calquera outra normativa que se opoña ao establecido neste Regulamento.



DILIXENCIA para facer constar
que o/a presente Regulamento

composto de 1 páxinas numeradas e seladas,
foi aprobado pola Xunta de Goberno,
na súa sesión de data 26/9/94

SECRETARIO XERAL,

Asdo. de Eduardo López Paredes

00692